

INSTRUCCIÓN DA XERENCIA 4/2023, DO 27 DE MARZO, POLA QUE SE DETERMINA O PROCEDIMENTO PARA A XESTIÓN DAS ACTIVIDADES DO ART. 83 CELEBRADAS AO ABEIRO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DA CORUÑA, A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A UNIVERSIDADE DE VIGO POLO QUE SE CREA O CONSORCIO CENTRO DE INVESTIGACIÓN E TECNOLOXÍA MATEMÁTICA DE GALICIA (CITMAga)

1. Antecedentes

En xullo de 2021 asínase o convenio entre as tres universidades galegas para a creación do CITMAga, que regula, entre outras cousas, a posibilidade da vinculación do persoal docente e investigador da UVIGO ao CITMAga, sen perder a relación de orixe coa universidade. Esta vinculación permite a sinatura entre CITMAga e entidades externas de actividades enmarcadas no artigo 83 da LOU, coa participación deste persoal da UVIGO vinculado.

Así mesmo, a UVIGO aprobou no Claustro o 17 de decembro de 1996 (con modificación en xullo do 2000), o Regulamento de Cursos de Especialización e Convenios, que establece o procedemento de tramitación e xestión das actividades do art. 83.

Dado que na disposición final segunda deste regulamento fáctase á xerencia para ditar as instrucións precisas para a execución e desenvolvemento do dito Regulamento, emítese a seguinte instrución para a tramitación e xestión das actividades do art. 83 celebradas por CITMAga coa participación de persoal investigador da UVIGO

2. Procedemento

O procedemento de tramitación e xestión destas actividades será o seguinte:

- CITMAga, como vén facendo ata o de agora, enviará periodicamente á Oficina de I+D e á Vicerreitoría de Investigación, Transferencia e Innovación, a comunicación da actividade de CITMAga-UVIGO relativa a proxectos/contratos de transferencia, onde aparecerá, entre outra información:
 - o Identificación do persoal investigador responsable da actividade, e porcentaxe de participación.
 - o Identificación do terceiro contratante da actividade
 - o Orzamento total da actividade
 - o Duración da actividade, con datas de comezo e fin
 - o Importes a facturar pola UVIGO a CITMAga en conceptos de retribucións de persoal e de custos indirectos
 - o Datas de facturación



- A Oficina de I+D, á vista desta información, elaborará unha pequena folla resumo cos datos necesarios para dar de alta a actividade, que remitirá ao Servizo de Apoio á Investigación e Desenvolvemento.
- O Servizo de Apoio á Investigación e Desenvolvemento enviará a folla á Vicerreitoría de Investigación, Transferencia e Innovación para o seu visto bó, e dará de alta a actividade nos aplicativos correspondentes polo importe efectivamente a facturar (retribucións do persoal e custos indirectos), seguindo a partir deste momento o procedemento estándar de xestión, facturación e pagamento ao persoal investigador.

3. Certificación destas actividades

Estas actividades estarán dadas de alta nos aplicativos da UVIGO polo importe efectivamente facturado a CITMAga, polo que todos os certificados de ingresos faranse, de xeito automático ou manual, por eses importes.

De ser o caso, baixo a solicitude expresa do persoal investigador á Vicerreitoría de Investigación, Transferencia e Innovación, e unha vez aprobado por esta, poderán elaborarse certificados de participación para este persoal polo total da actividade correspondente á UVIGO.

A/A SERVIZO DE APOIO Á INVESTIGACIÓN E DESENVOLVEMENTO

A/A OFICINA I+D

A/A VICERREITORÍA DE INVESTIGACIÓN, TRANFERENCIA E INNOVACIÓN

